



CONCELLO de CASTROVERDE

27120 CASTROVERDE (Lugo)

XOSÉ MARIA ARIAS FERNÁNDEZ (1 para 1)
ALCALDE
Data de Sinatura: 19/01/2016
HASH: a98d4bc0171ad108a54e20eebe6df5cc

BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES ASOCIATIVAS, AGRUPACIÓNS E ASOCIACIÓNS DE VECIÑOS PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS E ESTABLECEMENTO, AMPLIACIÓN E MELLORA DE SERVIZOS DE INTERESE VECIÑAL. EXERCICIO 2016.

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE DA SUBVENCIÓN

Estas bases teñen por obxecto establecelos criterios e os procedementos para a concesión de subvencións dirixidas axudas a comunidades veciñais, agrupacións ou asociación de veciños para a realización de obras de acondicionamento no medio rural.

Os fins indicados anteriormente efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable especialmente prevista nos artigos: 25 da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; 294 da lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local; 40.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais; e 23 e seguintes do regulamento de servizos das corporacións locais, lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; Real Decreto 2225/1993, do 17 de decembro, en canto non se opoña a esta última; Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de Subvencións. Asimesmo serán de aplicación a ordenanza xeral de subvención aprobada polo Pleno da Corporación na sesión de 28 de xaneiro de 2010, publicada no BOP nº 80, de 10 de abril de 2010.

SEGUNDA.- ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

O Concello, por medio dos procedementos previstos nesta ordenanza, poderá conceder subvencións para a execución de pequenos abastecementos de auga potable, saneamentos, pavimentacións, rede de sumidoiros, acondicionamento de camiños rurais, arranxo e acondicionamento de capelas, fontes de acondicionamento e arranxo de locais sociais, así como pequenas infraestruturas deportivas e outras análogas

TERCEIRA.- BENEFICIARIOS. REQUISITOS

Poderán solicitar estas subvencións as persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, asociacións, as comunidades de bens ou calquera outra unidade económica ou patrimonio separado que, aínda non tendo personalidade xurídica, poidan levar a cabo o proxecto que motiva a concesión da subvención. As agrupacións sin personalidade xurídica deberán nomear un representante con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. As entidades solicitantes deberán os seguintes requisitos:

- a).- Ser asociacións de veciños ou colectivos veciñais, sen ánimo de lucro.
 - b).- Desenvolver a súa actividade e solicitar a subvención para a execución das obras no municipio de Castroverde.
- Estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. No caso de



Cod. Validación: 476JJP75F3KSP7M4JCM6SZL2 | Corrección: <http://concellocastroverde.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 14

agrupacións sen personalidade xurídica, este requisito deberá ser cumprido por tódolos seus integrantes.

-Non estar incursos en ningunha causa de prohibición de percepción de subvencións públicas das previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. No caso de agrupacións sen personalidade xurídica, este requisito deberá ser cumprido por tódolos seus integrantes.

As subvencións que se concedan terán carácter voluntario e eventual e, a Corporación municipal, por medio da Xunta de Goberno, e, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, poderá revisalas ou, no seu caso, revogalas ou reducilas en todo momento. Ademais, non xeran ningún dereito á obtención doutras subvencións en anos posteriores e non poden alegarse como precedente.

En calquera caso, o Concello de Castroverde, quedará exento de toda responsabilidade civil, mercantil, laboral ou de calquera tipo que se derive das actuacións ás que queden obrigados os beneficiarios das subvencións.

CUARTA.- FINANCIAMENTO.

A contía máxima das subvencións convocadas será de **12.000 euros**, con cargo á partida 16.78 do orzamento municipal para o exercicio 2016.

QUINTA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES


1. As solicitudes dos interesados presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Castroverde, no prazo de corenta días naturais seguintes contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

2. O interesado deberá acompañar á solicitude, a seguinte documentación:

- a) Solicitude en modelo normalizado (Anexo I) subscrita polo interesado, no caso de tratarse de persoa física, ou polo representante legal da asociación ou entidade, xunto co compromiso de destinar a subvención á execución do proxecto solicitado
- b) Á solicitude unirase a memoria explicativa do proxecto realizar, para o que se pretende a subvención e orzamento pormenorizado dos gastos e ingresos a realizar para a súa execución, así como o seu sistema de financiamento. (Anexo II)
- c) Fotocopia do NIF/CIF da persoa ou entidade solicitante e, se e o caso, documento acreditativo da representación que posúe na comunidade ou asociación solicitante.

No suposto de agrupacións sen personalidade xurídica, a solicitude de subvención, deberá ser asinada por tres membros da devandita agrupación acompañada de fotocopia do NIF de cada un dos membros, nomeando un representante que asumirá

perante o concello os deberes previstos nas presentes bases. Os membros da agrupación responderán solidariamente fronte ó concello das obrigas sinaladas nas





CONCELLO de CASTROVERDE

27120 CASTROVERDE (Lugo)

presentes bases, na lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia.

d) Declaración responsable de non atoparse inhabilitado ou estar incurso en prohibición para acceder á condición de beneficiario de subvencións do Concello de Castroverde, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia nin do artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións. (ANEXO III)

e) Declaración responsable acreditativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas fronte tributarias, coa Seguridade Social e co Concello de Castroverde. (ANEXO III).

f) Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas polo solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.(ANEXO III)

g) Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante e na que solicita se lle ingrese a subvención.

h) Calquera outro documento que se considere de interese para a mellora da avaliación da subvención. O Concello poderá solicitar, se así fora oportuno para a resolución do procedemento, calquera outro documento que estime conveniente.

No suposto de solicitude de subvención para diferentes actividades, deberán solicitarse por orde preferencial, e o Concello terá opción de elección para o caso de que non poida financiarlas todas.

3. Se a solicitude non reúne os requisitos ou non achega a documentación indicada requiriráselle ó interesado para que enmende as deficiencias observadas no prazo máximo improrrogable de dez días hábiles, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa petición, e arquivaranse o expediente sen máis trámites, tras a resolución ditada nos termos previstos no art. 71 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

SEXTA.- PROCEDEMENTO

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nas presentes bases axustaráselle ó establecido na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión das subvencións.

1.- De conformidade co establecido na Ordenanza Xeral, o órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local.

2.- O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será



de seis meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no BOP. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo.

3.- Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

4.- A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte hábil ó da notificación non renunciaran a ela expresamente mediante escrito dirixido ó órgano concedente.

5.- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

SÉTIMA.- CONTÍA E COMPATIBILIDADE DAS SUBVENCIÓNS.

1.- As subvencións que se outorguen ó abeiro da presente convocatoria serán compatibles con outras para a mesma fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado polo concello poida superar o 50% do custo total da actividade.

2.- En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o 90% do custo da actividade subvencionada. O 10% do gasto proposto e orzamentado no proxecto presentado deberá financiarse exclusivamente pola asociación ou entidade.


3.- A contía máxima das subvencións que conceda o Concello será de 3.000 €.

No caso se existir sobrefinanciación o beneficiario deberá proceder ó reintegro da contía concedida polo Concello de Castroverde na cantidade que exceda do custo da actividade.

OITAVA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Para a resolución da concesión da subvención e determinación da súa contía, teranse en conta os criterios obxectivos seguintes, relacionados por orde de importancia:

- As que complementen os servicios mínimos de competencia municipal.
- O número estimado de persoas que poidan ser beneficiadas coa realización do proxecto.
- A maior porcentaxe de aportación do beneficiario, en relación co presuposto total da actividade a desenvolver.
- A dificultade acreditada pola entidade solicitante para acudir a outros medios de financiación, así como os medios económicos con que conte a mesma, en relación co importe solicitado como subvención.





CONCELLO de CASTROVERDE

27120 CASTROVERDE (Lugo)

- Aqueles outros que polas peculiares características da obra que se trate, se aprecien polo órgano competente para resolver.

No caso de que o crédito consignado na convocatoria fora suficiente, atendendo ao número de solicitudes presentadas, unha vez finalizado o prazo de presentación, non será preciso fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos.

O órgano competente poderá proceder ao rateo entre os beneficiarios da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións, ou ben a un reparto proporcional do mesmo.

NOVENA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza do proxecto subvencionado e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

En ningún caso terán o carácter de subvencionables os gastos derivados da adquisición de bens inmoables, vehículos, equipos informáticos, maquinaria e en xeral aqueles bens que teñan a consideración de inversión ou equipamento. Tampouco serán obxecto de subvención os gastos financeiros, notariales, rexistrals, periciais, multas, sancións e recargos administrativas ou penales, nin os tributos directos a cargo dos beneficiarios.

DÉCIMA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

Son obrigas do beneficiario:

- a) Realiza-la actividade que motiva a concesión da subvención.
- b) Xustificar o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou disfrute da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar polo Concello, así como calquera outras de comprobación e control financeiro a realizar polos órganos de control competentes do Concello ou nacionais ou comunitarios, aportando canta información lles sexa requerida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicar ao Concello a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Dita comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.
- e) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión que se encontra o corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- f) Facer constar en tódalas actividades que están subvencionadas polo Concello de Castrovverde.
- g) Conservar os documentos xustificativos dos fondos recibidos.
- h) En xeral, as provistas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

UNDÉCIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS.

Os beneficiarios das subvencións deberán presentar nas oficinas municipais, á



finalización das obras subvencionadas e, en todo caso, antes do 15 de novembro do ano en curso, a seguinte documentación:

- Facturas orixinais e fotocopia compulsada das mesmas. A estes efectos as facturas deberán estar debidamente conformadas (datadas no exercicio económico para o que se concedeu a subvención, conter o número de identificación fiscal do perceptor, selos e sinaturas dos subministradores).
- As facturas deberán cumprir os requisitos do Real Decreto 1496/2003, polo que se regulan as obrigas de facturación. En particular, deberán figurar desglosados os diferentes conceptos e os seus prezos unitarios, así como a base imponible, o tipo de IVE aplicado e a cuota de IVE correspondente. **Non será subvencionable o importe do IVE.**

No suposto de xustificacións con fotocopias debidamente compulsadas, será requisito previo á compulsa incorporar no documento orixinal a seguinte dilixencia: “ *A presente factura foi presentada no Concello de Castroverde para os efectos de xustificar a subvención.*”

- Non se admitirán como xustificación os gastos realizados para o cumprimento de fins distintos para os que se concedeu a subvención.
- Fotocopias dos acordos de concesión de axudas económicas por outras Institucións se non puideran aportarse no momento da solicitude da subvención perante esta Corporación.
- De non gastar total ou parcialmente a subvención concedida ou de non se destinar aos fins previstos, deberá reintegrarse ás arcas municipais.
- Declaración xurada expedida polo perceptor, de que foi cumprida a finalidade para a que se outorgou a subvención conforme ao proxecto presentado.
- A documentación antedita poderá ser suplida polo informe da arquitecto técnico municipal, que incluíra a valoración das obras.

Admitirase, a maiores, calquera outra documentación que se poida pedir para a mellor xustificación do gasto, ou calquera outra da que se derive a realización da actividade.

A non presentación en prazo e forma da xustificación suporá a perda total da subvención concedida.

2.- O prazo de presentación da xustificación rematará o día **15 de novembro de 2016**. Excepcionalmente, cando pola duración das obras obxecto de subvención, ou polas datas de realización das mesmas non se poida presentar a conta xustificativa no dito prazo, o beneficiario deberá comunicar ó Concello tal circunstancia, indicando as razóns que impiden a presentación e a data máxima na que se poderá presentar a conta xustificativa. A Xunta de Goberno, á vista da comunicación do beneficiario, e valorando as circunstancias individuais, poderá autorizar un prazo maior de xustificación.

3.- As entidades beneficiarias deberán presentar xustificante, como mínimo, pola totalidade dos gastos do presuposto de cada unha das actividades subvencionadas. En todo caso, o importe dos gastos que se xustifiquen documentalmente deberá ser igual ou superior ao 50% da subvención concedida polo Concello. Os xustificantes dos gastos





CONCELLO de CASTROVERDE

27120 CASTROVERDE (Lugo)

deberán corresponder ós gastos ocasionados para o cumprimento das finalidades para as que foi concedida a subvención, non admitíndose gastos realizados para finalidades ou actividades diferentes ou que non garden relación directa coas actividades subvencionadas, nin a imputación de gastos indirectos, xerais ou de estrutura. A estes efectos teranse en conta os conceptos que figuren nas facturas ou documentos xustificativos dos gastos e no orzamento presentado na solicitude de subvención.

4.- A xustificación de gastos de persoal realizarase mediante nóminas asinadas polo preceptor e TC1 e TC2 acompañados dos xustificantes de pagamento.

5.- No caso de que a xustificación presentada presentase defectos ou erros, darase ó beneficiario un prazo de 10 días para a súa subsanación. De non presentarse a subsanación, terase por non presentada a xustificación, sin que se produza interrupción algunha do prazo de xustificación, e quedando o beneficiario a presentar uha nova conta xustificativa de acordo coas presentes Bases.

6.- No caso de que os gastos xustificados sexan inferiores ó presuposto da actividade, tal e como se definen non apartado terceiro desta base, a contía da subvención reducirase ata acadar o 50% por cento dos gastos xustificados.

7.- A xustificación será aprobada polo órgano concedente da subvención, a proposta do Concelleiro/a delegado de Área.

8.- A data límite para xustificar a subvención concedida será a do 15 de novembro do exercicio económico correspondente á súa concesión. No caso de non presentala xustificación dentro deste prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.

9.- Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

En todo o non previsto nas presentes Bases, estarase ó disposto na lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e Ordenanza Xeral de Subvencións deste concello, e demais disposicións sobre a materia.

O ALCALDE-PRESIDENTE,
Xosé M^a Arias Fernández

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE



Cod. Validación: 476JJ7S3KSSP7W4JCM63ZL2 | Corrección: <http://concellocastroverde.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a Plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 14